

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Lume

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O dentón

O dentón, tamén coñecido como cornecho, caruncho, grao de corvo, comecello, cornello, comello, cornizó e cornecelo (en galego), dente de cao e cravagem de centeio (en portugués), cornezuelo (en castelán) e ergot (en inglés e francés) é un fungo parásito (*Claviceps purpurea*) que medra na espiga do centeo e tamén na do trigo, aínda que en menor medida.

Considerase causante de enfermidades coñecidas por diferenes nomes: Ergotismo, Fogo de San Antón, Fogo Sagrado, Mal dos ardentes, Mal do pan, Fogal, Fogaxe, Fogardente, Culebrilla, Mal do fogo e Fogo airado, pois, por descoñecemento das consecuencias da súa inxesta ten provocado graves intoxicacións (agudas e crónicas) con efectos convulsivos e gangrenosos, moitas veces con resultado de morte, e que chegaron a afectar a pobos enteiros. Ademais de provocar alucinacións e fortes dores, pode causar nos casos máis graves o desprendemento de membros do corpo.

O cornecho ía no grao e cando se moía e se cocía a xente comíao o que provocou moitos episodios que eran atribuídos ás bruxas na Idade Media e estaban en relación co seu consumo. O famoso proceso das bruxas de Salem, Massachussets (USA), no s. XVIII, no que se condenaron 25 mulleres a morte, acusadas de pactar co Demo, cando en realidade posiblemente estaban intoxicadas con dentón.

En Europa non se coñeceu a súa existencia ata o s. XVI e no s. XVII comezou a usarse en medicina. Entre os usos medicinais serviu para acelerar partos (tomado en infusión provoca contraccións no útero), para deter hemorraxias e provocar abortos; os chineses xa o usaban desde antigo nos partos.

O botánico Decandolle foi en primeiro que o identificou como un fungo en 1802. A partir de mediados do s. XIX, o fungo converteuse nun medicamento grazas a científicos como o francés Bonjean que descubriu que era útil para deter as hemorraxias.

Este uso, provocou un gran negocio polo que se chegaron a pagar grandes cantidades de diñeiro pois o dentón galego era moi apreciado no mercado, como se recoñecía en 1912 na revista *American Druggist*.

En Galicia, primeiro o Instituto Bioquímico Miguel Servet, de Vigo (cun produto chamado Pan Ergot), e logo Zeltia, fabricaron numerosos produtos medicinais co dentón, que se converte así no principal motivador do desenvolvemento da industria farmacéutica galega.

O Fogo de San Antón ou Fogardente

O Fogo de San Antón foi unha doenza que afectaba só aos pobres, especialmente en épocas de fame. Producía feridas, costras, pústulas na cara e noutras partes do corpo.

Os que comían pan contaminado con dentón sufrían convulsións, espasmos e 'bailes'; os pés e mans inchábanlles, tinguíanse de azul escuro as manchas, con dores semellantes as das queimaduras. Chegábanse a desprender mans, pés e pernas ata a morrer o doente ou quedar mutilado.

Segundo crenzas populares padecía os que vestían roupa que estivese secando ao sol, se por enriba dela pasase o animal que a pode causar (lagarto). Dise que comeza como unha erupción nas costas e que se expande pola corpo; se os extremos se chegan a xuntar no peito da persoa doente, se chega a "cerrar a fogardente", non hai remedio posible para a súa curación.

Para evitala, en Laza collían un anaco de pedra e batían con outro de metal, procurando dirixir as faíscas que se producen cara a zona enferma, mentres se recita un ensalmo. Faise nove veces durante nove días e o doente debe permanecer en silencio.

Outro método consiste en coller terra e poñela envolta nun pano xunto con unto de porco branco. Tres veces ao día, tres días seguidos, mudando o unto cada día.

Outro consiste en que o doente colla un prato con terra na man dereita, e facer nela cunha navalla unha cruz, mentres se reza. Tamén se usaba terra de toupa que non fose pisada por galiñas.

O abate Hugues Capet fíxose célebre porque curaba aos enfermos que peregrinaban a Notre Dame alimentándoos con pan de centeo bendito (e sen dentón). Mais cando regresaban e volvían a comer pan contaminado, recaían.

A Orde dos Antonianos

O Fogo de Santo Antón foi a enfermidade que deu orixe á Orde dos Antonianos, primeiro como fraternidade laica e logo, s. XII, como orde relixiosa que nace para atender os enfermos e que desaparece cando se erradica este mal a finais do s. XVIII.

E é que esta doenza terrible se cría causada por castigo divino aínda que, en realidade, contraíase tralo consumo de pan de fariña de centeo contaminado co fungo chamado dentón.

Texto elaborado por Antonio Reigosa